

EDICCIÓN ESPECIAL MONTAXE

SR. DIRECTOR DE RECURSOS HUMANOS

O deterioro no tratamento da problemática relacionada cos Rendementos e Tempos está a derivar en graves consecuencias para a Saúde dos traballadores e traballadoras.


No noso diagnósti-

co, revélase que máis alá das cuotas razoables da produtividade as personas que traballan particularmente en postos de autonomía restrinxida están a soportar unha carga a maiores como consecuencia dos compromisos incumpridos e dos

abusos que alguns atrevidos se creen con licencia para cometelos.

IMFORME

Ano 2002	35 Denuncias	40% + respecto a 2001
Ano 2003	73 Denuncias	110% + respecto ó 2002
Ano 2004	52 Denuncias	6 % + repecto ó 2003



RECORTES DE TEMPOS

Apesares do falado.., apesares do que hai escrito.., os traballadores/as se atopan con Recortes dos Tempos nas súas operacións, tan sorprendentes que incluso o propio mando fáixelle imposible o poder darlle o operario/a a información explicativa razonable.

Unha información que ademais temos regulado no Convenio Colectivo:

Apartado 4.-
"Recibida a reclamación pola comisión, esta analizará cos medios o seu alcance, e a resolverá nun prazo estimado de 15 días, e realizara o oportuno traslado o traballador reclamante " INCUMPRESE".

Si hai casos difíciles en Montaxe, Masillas, Pintura.. nos Ferraxes o silencio e a resposta para quenes demandan folga de repartos...

Noutras ocasións o "recortador" chega a dicir: "**.. e que levas moitos tempo sen recortes..**" este sí é un dos argumentos que supera en atrevimento o silencio para co traballador que mira o seu reparto recortado en 20 ou 40 minutos cada xornada.

A veces tamén sucede, que tomando en conta a nosa reivindicación se nos conceden

esas centésimas que recoñecen que se lle quitaron demáis... pero a reglón seguido escudríñanselle noutra operación porque "descubriron" que "**estabanlle pagando unha operación de máis..**"

A conclusión cada vez máis firme que están a chegar os

que ver co o Art. 23 do Convenio Colectivo o1nde di:

.....
Os exemplos parecen demostrar que o recortador acostuma ignoralo



traballadores/as neste apartado, é que, os RECORTES son consecuencia dunha fría operación matemática que de maneira cíclica vai de Módulo en Módulo, restando operarios/as que logo os seus compañeiros/as teñen que se repartir as tarefas do posto suprimido. Non parece terse en conta se houbo, ou non, melloras técnicas nos medios ou útiles de traballo. Está previsto quitar un home... e se quita, logo a tixeira fará o resto.

E todo isto nada ten

COMPOSICIÓN

As composicións: un problema serio do que se nos leva prometido o habido e por haber... No ano 95 foi o sistema informático CAMON II, o cal con 5 días de antelación se podería prever posibles irregularidades, en xuño do 2003 co recorte dos 10 MINUTOS entraría o SPELEO, que resolvería practicamente o problema, a tozuda realidade nos di que os desequilibrios que orixina a mala composición seguen estando pre-

sentes no andar diario das cadeas, agravándolle a situación das xentes que nela traballan.

Reforzar os postos...este é o último recurso que formalmente se dá pero que dificilmente se aplica, xa que a dinámica imprimida é a de restar efectivos e non a de reforzalos, como proba delo, están os alongamento de xornadas dos traballadores de outros turnos ou, ver algún encargado facendo o posto, se cadra,

se os autores dos recortes e das malas composicións fosen os que tivesen que apretar o tornillo, habría máis sensibilidade para comprender o problema que teñen estes traballadores/as.

VELOCIDADE DA CADEA

Tampouco se queda o marxe desta problemática de Rendementos e Tempos o que literalmente todos, vostedes e nos, temos pactado e interpretado con toda claridade de que non se pode alterar o ritmo das cadeas.

Preocúpanos que a día hoxe, se siga pisoteando este principio que dunha maneira escanda-



losa se da na Quenda de Noite, eiqui se volveu norma o recuperar cargas.

Un dato:

- M1 2º T. fixeron 64 coches demais

E todo esto enriba de quenes se lles esixe o KB do 1

ERGONOMÍA

Prevención contempla dentro das súas funcións como é o Servicio Médico Hixiene Industrial, Psicoloxía Aplicada..está a Ergonomía, que como sabemos é a disciplina que estuda as dificultades físicas dos postos de tra-

ballo.

A Ergonomía como o propio Grupo reconece todavía e unha asignatura pendente, nembargantes e tendo en conta as actuais circunstancias hai casos onde non se aplican alternativas que palíen as

serias dificultades que os operarios/as destes postos anti-ergonómicos teñen. Un factor negativo engadido, que o traballador/a ten que desafiar diariamente para intentar evitar o contraer unha limitación médica.

Na Avaliación de Riscos destes postos, non parece estar contemplado a relacionar causa-efecto que teñen estas dificultades físicas do posto coas cargas de traballo ou as súas frecuencias.

Na Avaliación Preventiva, cando menos tres son os factores a ter en conta, Posto, traballador/a, carga.

No estudio que a C.I.G. esta a realizar nas liás de Montaxe e que unha vez finalizado o daremos a coñecer, temos exemplos gráficos.

Entendemos que estas circunstancias deben ter un tratamento particular, baseadas no análise ergonómico que reduza

ditas dificultades.

Na confección dos Repartos, é evidente que, o Técnico pouco quere saber da realidade física dos postos e o máis importante das persoas que os ocupan, o seu cometido parece estar concentrado en observar si alguén respira máis do debido, por elo, máis necesario se fai poñer en práctica a sensibilidade coa que non dubidamos contar no departamento de Prevención, e dicir os Servicio Médico e o Ergónomo que son os que diagnostican as persoas e os postos respectivamente. A dificultade nace cando interceden outros “doctores” que teñen outro manual moi distinto para

evitar estas situación, así nos encontramos con verdadeiras barrabasadas que son fruto dese vello manual, onde para estes “licenciados” o home ten que adaptarse a máquina, cando a Lei é clara: **A MÁQUINA TEN QUE ADAPTARSE O HOME.**

ABSENTISMO

Por último temonos que preguntar, ¿ en que grado influe estes factores de recortes abusivos...as malas composicións.. postos anti-ergonómicos.. alteración da cadea...etc. nas causas que dan lugar as situacións de I.T. (baixas)?

Estamos convencidos da relación existente. Non so como un factor de

risco físico senón tamén nos procesos psíquicos, como son a depresión, stres, ansiedade..etc.,

Accidentes ou Enfermidades Laborais, que con independencia do tratamento administrativo que a xerarquía do taller lles queiran dar, todos sabemos que moitas destas doenzas teñen o seu

orixe no traballo. Hai un dato revelador ó 40 % do persoal de baixa son xóvenes.

Por todo elo entendemos que é necesario a celebración dunha reunión para afrontar todo o relacionado con **RENDEMENTOS E TEMPOS.**

Confederación Intersindical Galega